

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 20 DE XULLO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción dun itinerario peonil e ciclista na PO-300 Vilariño - Polígono do Salnés, p.q. 9+310 - 10+270, de clave PO/16/062.06, nos concellos de Cambados e Ribadumia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se inicia a creación da Comisión Organizadora do Xacobeo 2021.
- Acordo polo que se autoriza a modificación dos límites e das porcentaxes do réxime de pagamentos previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia co fin de posibilitar a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Federación Deportiva Galega de Automobilismo para a organización dos campionatos galegos de rallys (rallys, montaña e rallymix) no ano 2017, por importe de cento tres mil cincocentos euros (103.500 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Baltar, para a adecuación e mellora do contorno da Casa do Concello no núcleo urbano de Baltar, por un importe total de douscentos cincuenta e oito mil oitocentos oitenta e un euros con un céntimo (258.881,01 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, a Fundación Kertor e Janssen Cilag, S.A. para a creación dunha incubadora de proxectos no ámbito do descubrimento de fármacos, por importe de dous millóns cincuenta mil euros (2.050.000 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Cruz Roja Española para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade a centros educativos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, polo importe máximo de cento setenta e nove mil cento trinta e cinco euros con oitenta e dous céntimos (179.135,82 €).

INFORME

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Informe sobre o Plan de saneamento da ría de Arousa.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a adxudicación da convocatoria de Obradoiros de Emprego de Galicia 2017/2018.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre a convocatoria Edixgal para o curso 2017/2018, Galicia na vangarda da Educación dixital.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a formalización de convenios previa á cesión de centros de saúde polas entidades locais ao Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre as medidas adoptadas para a mellora na tramitación do procedemento para o recoñecemento do grao de discapacidade.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a orde pola que se adopta decisión favorable en relación coa tramitación do rexistro dunha Indicación Xeográfica Protexida para o pan galego.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DUNHA SENDA NA ESTRADA PO-300 DESDE O POLÍGONO INDUSTRIAL DO SALNÉS ATA VILARIÑO, NOS CONCELLOS DE RIBADUMIA E CAMBADOS

- *A consellería de Infraestruturas e Vivenda ten prevista a licitación do contrato de obras neste verán*
- *O presuposto para a licitación do proxecto de construción será de case 345.000, que serán cofinanciados con fondos europeos Feder para o período 2014 -2020*
- *A senda permitirá completar un itinerario peonil continuo desde o polígono industrial do Salnés ata o centro de Cambados, pasando por Vilariño, utilizando as estradas autonómicas PO-300 e PO-550*

O Consello da Xunta aproba o decreto polo que se publica e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción dunha senda para uso peonil e de ciclistas na estrada PO-300 (Mosteiro-Cambados), que significará a expropiación de cinco predios, un deles situado no concello de Cambados e os catro restantes no de Ribadumia.

No proxecto de construción defínese a execución dunha vía para uso de peóns e de ciclistas na marxe dereita da estrada PO-300, nos concellos de Ribadumia e Cambados, cunha lonxitude de case 1,1 quilómetros.

O orzamento estimado para as expropiacións é de algo máis de 41.000 euros e o presuposto para a licitación do proxecto de construción será de case 345.000, que serán cofinanciados con fondos europeos Feder para o período 2014 -2020. A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten prevista a licitación do contrato de obras neste verán e o levantamento de actas previas prevese no cuarto trimestre de 2017.

A senda iniciarase no punto quilométrico 9+310 desta estrada, zona na que se atopa a primeira intersección de acceso ao polígono industrial do Salnés (conformado polo polígono industrial de Setepías en Cambados e o de Ribadumia); e desenvolverase pola marxe dereita da estrada ata conectar coas beirarrúas existentes no lugar de Sameiro (p.q. 10+270), na parroquia de Vilariño.

A sección tipo da senda contará con 3 metros de largo e separarase da calzada por medio dunha banda axardinada de 0,5 m, e os correspondentes bordos de separación. Ademais, prevese a instalación dos sistemas de recollida das augas de drenaxe necesarios, e a colocación da canalizacións que permitan nun futuro a instalación de redes de telecomunicacións ou electricidade.

A senda permitirá completar un itinerario peonil continuo desde o polígono industrial do Salnés ata o centro de Cambados, pasando por Vilariño, utilizando as estradas autonómicas PO-300 e PO-550.

Sendas na comarca do Salnés

No ano 2015, a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) redactou o “Estudo para fomento da mobilidade sustentable: Sendas peonís e/ou ciclistas na comarca do Salnés” no que se identificaron como prioritarios 7 treitos de actuación nesta comarca. Tras a súa finalización comezouse coa redacción dos proxectos de construción. Como resultado, a AXI executará máis de 22 quilómetros de novas sendas na Comarca do Salnés, cun orzamento aproximado de 11,6 millóns de euros.



A Consellería de Infraestruturas ten previsto acometer as obras nos próximos catro anos, e conta para iso co financiamento asegurado ao terse incluído no Programa operativo de Galicia dos fondos europeos Feder para o período 2014 -2020:

- O itinerario peonil e ciclista na PO-306 entre Vilanova de Arousa e A Illa de Arousa xa está finalizado.
- No tramo da estrada PO-308 entre Portonovo e A Lanzada, Infraestruturas está practicamente finalizada a senda para peóns e ciclistas entre a praia da Lanzada e Soutullo, e está xa a construír o tramo desde Soutullo ata Major. Ademais, estase a ultimar a redacción do proxecto que dará continuidade a esta infraestrutura ata Portonovo, do que se prevé iniciar as obras no vindeiro ano.
- Tamén na PO-308 se prevé executar unha senda entre O Covelo e Raxó. O proxecto construtivo que a desenvolve foi sometido a información pública no pasado mes de abril, e actualmente estanse a analizar as alegacións e informes recibidos, para ultimar a redacción do proxecto.
- Neste mesmo punto atópase o proxecto que define as sendas previstas na PO-307 entre Deiro e a ponte da Illa de Arousa, e na PO-549 entre Tarrío e Cores, sometido a finais de abril aos trámites de información pública e solicitude de informe aos organismos afectados.

Senda na PO-300

O 5 de maio de 2017 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o anuncio polo que foi sometido ao trámite de información pública o proxecto de construción “Itinerario peonil e ciclista na PO-300 Vilariño- Polígono do Salnés, p.q. 9+310-10+270”, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados por este.

Rematado o prazo de alegacións e presentación de informes por parte dos organismos afectados e analizada a alegación e o informe recibidos, ultimouse a redacción do proxecto de construción, que foi aprobado definitivamente con data do 17 de xullo de 2017. Na mesma data foi aprobado o expediente de información pública.



O CONSELLO DA XUNTA ACORDA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN ORGANIZADORA DO VINDEIRO XACOBEO 2021

- *Entre as súas funcións, estarán a promoción e organización do Xacobeo 2021; a busca de patrocinadores; a aprobación do plan estratéxico; ou a coordinación das administracións públicas implicadas*

O Consello da Xunta decidiu a creación dunha Comisión Organizadora do Xacobeo 2021, que se encargará de coordinar e executar as decisións relativas á organización deste evento, que non se produce en Galicia desde o pasado ano 2010.

Así, entre as funcións principais desta Comisión van a figurar a coordinación das actuacións das administracións públicas implicadas; a aprobación do Plan estratéxico do Xacobeo 2021, así como os diferentes plans operativos anuais de desenvolvemento; a aprobación da marca e o logo do Xacobeo 2021; a busca de patrocinadores privados, así como propoñer as exaccións fiscais aplicables a estes; a elaboración e aprobación da programación do Xacobeo e a súa inclusión nos plans operativos anuais; a difusión e promoción do evento; e outras que se lle poidan asignar no futuro.

A Comisión estará composta por un presidente, que será o titular da Xunta; un vicepresidente primeiro, que será o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; un vicepresidente segundo, que será a directora de Turismo de Galicia; varios vogais procedentes de diferentes consellerías e organismos da Xunta con competencias, así como representantes do Concello de Santiago de Compostela, do Arcebispado e dos concellos polos que pasan os camiños de Santiago. Ademais, haberá un secretario con voz e sen voto procedente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A Comisión, que estará adscrita á Presidencia da Xunta, tamén nomeará de entre os seus membros unha comisión executiva de oito membros entre os que estarán os vicepresidentes.

Por último, esta Comisión rexerese pola Lei 16/2010 de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e estará adscrita á Presidencia da Xunta.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O ACORDO POLO QUE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO ORGANIZARÁN OS CAMPIONATOS GALEGOS DE RALLYS EN 2017

- *Ao abeiro deste acordo, a Secretaría Xeral para o Deporte concederalle á Federación Galega de Automobilismo unha subvención por un importe máximo 103.500 euros para a realización, no ano 2017, dos rallys de asfalto, montaña e rallymix*
- *Este convenio súmase ao asinado no mes de abril coa Federación Galega de Automobilismo que posibilita o acceso dos cidadáns á práctica da actividade deportiva federada levada a cabo polas federacións como axentes colaboradores para a promoción das súas respectivas modalidades deportivas para o exercicio 2017*

O Consello da Xunta acaba de dar luz verde ao acordo polo que se posibilita a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Federación Deportiva Galega de Automobilismo para a organización dos campionatos galegos de rallys -rallys de asfalto, montaña e rallymix- durante o ano 2017, por importe de 103.500 euros.

Ao abeiro deste convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte colaborará cos gastos ocasionados con motivo da realización, no ano 2017, dos rallys de asfalto -XXI Rally da Coruña (7.000 euros); XXIII Rally do Cocido (8000 euros); XXXIII Rally Ría de Noia (7.000 euros); XXX Rally Ría de Narón (8000 euros); XIV Rally Sur do Condado (8000 euros); VI Rally Ourense- Ribeira Sacra (7000 euros); XXXIX Rally San Froilán (8000 euros); X Rally Comarca da Ulloa (7000 euros); I Rally Ría de Vigo (7000 euros)-, rallys de montaña -X Subida Santa M^a de Oia (3.500 euros); V Subida á Pontenova (3500 euros); XX Subida a Pontevedra (3500 euros); XLIV Subida a Chantada (3500 euros); IV Subida ás Pontes (1000 euros); II Subida a Pontecaldelas (2.000 euros); I Subida Cercedo- Cotobade (1000 euros); XVIII Subida a Escusa-Poio (2.000 euros); XXIII Subida á Estrada (2000 euros)-, e Rallymix -I Rallymix Cuntis Vila Termal (2.000 euros); IV Rallymix da Gudiña (2125 euros); II Rallymix de Moraña (2.000 euros); II Rallymix de Piñor (2000 euros); III Rallymix Terra de Xallas (2125 euros); II Rallymix de Touro (2125 euros); IV Rallymix de Barbadás (2125 euros)-.

Este convenio súmase ao asinado no mes de abril entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Automobilismo, no marco dos convenios asinados polo ente autonómico coas 59 federacións deportivas galegas, e que posibilita o acceso dos cidadáns á práctica da actividade deportiva federada levada a cabo polas federacións deportivas como axentes colaboradores para a promoción e desenvolvemento das súas respectivas modalidades deportivas para o exercicio 2017. O obxecto dos convenios é regular a colaboración entre as partes asinantes co fin de

realizar na súa integridade a totalidade das actuacións, actividades, funcións e cometidos que, conforme a lei, asumen as federacións deportivas en réxime de exclusividade. O convenio asinado coa Federación Galega de Automobilismo ascendeu ata os 39.385,50 euros.

MEDIO AMBIENTE DESTINARÁ PRETO DE 260.000 EUROS Á MELLORA DA CONTORNA DA CASA DO CONCELLO EN BALTAR

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración para a execución desta actuación, enmarcada no Plan hUrbe*
- *Grazas a esta obra adecuarase e mellorarase un espazo público na rúa Sarxente Seoane, ao carón da Casa do Concello, da Casa da Cultura e do colexio público, no centro urbano*
- *Esta mellora é acorde cun dos obxectivos do Plan hUrbe, promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais con criterios de sustentabilidade económica*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Baltar para a adecuación e mellora da contorna da Casa do Concello no núcleo urbano de Baltar, por un importe de case 260.000 euros.

Trátase da primeira actuación que se executa en Baltar a cargo do Plan hUrbe, que ten entre as súas finalidades mellorar e promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais, polo que a actuación autorizada esta mañá é acorde a este obxectivo.

Neste caso concreto, o espazo está convenientemente delimitado por zonas para uso dos peonís e dos vehículos. Non así, as zonas de aparcamento para vehículos dos traballadores dos edificios públicos nin para o resto dos usuarios. Polo tanto, acométese o acondicionamento deste espazo para ordenalo e dignificalo, diferenciando as zonas de uso peonil das de uso para vehículos.

As actuacións que se van realizar consistirán no levantamento do pavimento da rúa e a retirada da instalación eléctrica, executarse a pavimentación con soleira de formigón e colocación de lousa de pedra granítica e de lastro de formigón gris, para zonas de aparcadoiro de vehículos e de color vermello para as zonas de circulación de tráfico rodado. En canto ao mobiliario, colocaranse bancos de fundición e madeira, papeleiras e procederase ao pintado de símbolos e prazas de aparcamento.

Coa actuación, subvencionable ao 100% por parte da Xunta, foméntase a conservación e recuperación de espazos públicos, coa finalidade da súa posta en valor como espazo social, cultural e economicamente activo; tamén se promoven todas aquelas actuacións orientadas a mellorar a seguridade viaria e peonil, a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas, co fin de mellorar o benestar dos veciños.

Un dos obxectivos da Xunta de Galicia é promover a execución de equipamentos urbanos municipais, co fin de dotar aos concellos dunha adecuada oferta de

actividades de ocio, recreativas, culturais e de lecer, con obxecto de mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns e do público en xeral.

Esta actuación vén poñer de manifesto os esforzos do Goberno galego por mellorar as vilas galegas; xa que no presente exercicio se executarán 15 actuacións en ambos os concellos, o que se traduce nun orzamento de case tres millón de euros.

Desde o ano 2010, o investimento realizado na provincia de Ourense a través do Plan *hUrbe* ascende aos 10 millóns de euros, que permitiron financiar 64 actuacións; que no conxunto de Galicia elévase a 123 millóns de euros, para facer realidade 157 actuacións.

Cómpre recordar que este plan ten un triplo obxectivo, fomentar a humanización das vilas de Galicia, favorecer a cooperación da Administración autonómica e os concellos e promover o reequilibrio territorial na nosa Comunidade, coa recuperación de espazos públicos.

A XUNTA ACTIVA CON JOHNSON & JOHNSON E A FUNDACIÓN KERTOR A PRIMEIRA INCUBADORA DE NOVOS FÁRMACOS EN ESPAÑA

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación, a filial farmacéutica Janssen e a entidade liderada por Mabel Loza e Ángel Carracedo investirán máis de 2 millóns de euros*
- *O programa potenciará o emprendemento e a transferencia de coñecemento no sector farmacéutico, de maneira que se poida xerar actividade empresarial e benestar económico e social*
- *A través da colaboración público-privada captaranse para Galicia iniciativas que posicionen a Comunidade no mapa europeo do sector, converténdoa nun polo de innovación aberta no descubrimento de fármacos*
- *A iniciativa permitirá a creación de 20 empregos de perfís de alta cualificación e experiencia en relación coa economía do coñecemento*
- *Realizarase unha selección a nivel internacional, e posteriormente na fase de maduración de proxectos desenvolverase unha investigación planificada*
- *O obxectivo é que os resultados cheguen ao mercado en forma de medicamento e atraer potenciais investidores neste sector á Comunidade*

A Xunta, en colaboración coa multinacional Johnson & Johnson e a Fundación Kertor poñerán en marcha a primeira incubadora de proxectos de investigación no ámbito do descubrimento de novos fármacos en España. Así, con base no convenio de colaboración aprobado hoxe polo Consello da Xunta, a Axencia Galega de Innovación (GAIN), a filial farmacéutica Janssen e a entidade liderada polos investigadores e profesores da Universidade de Santiago (USC) Mabel Loza e Ángel Carracedo investirán este ano e o que vén máis de 2 millóns de euros neste programa que busca potenciar o emprendemento e a transferencia de coñecemento, de maneira que se poida xerar actividade empresarial e benestar económico e social.

A través da cooperación público-privada, e contando como empresa tractora cunha das grandes farmacéuticas internacionais, captaranse para Galicia iniciativas que posicionen a Comunidade no mapa europeo do sector, converténdoa nun polo de innovación aberta no descubrimento de fármacos. Trátase de orientar a investigación, en función das demandas propostas polas empresas e a industria, buscando ideas e proxectos en calquera lugar do mundo para que se desenvolvan na Comunidade.

Para iso, en primeiro lugar, realizarase unha selección a nivel internacional, para a que se realizará unha chamada ou convocatoria de proxectos, aberta para investigadores e grupos de investigación, entidades públicas ou privadas ou calquera organismo ou empresa que realice proxectos de I+D no ámbito farmacéutico nacional ou internacional. Esta convocatoria dará prioridade ás áreas terapéuticas da oncoloxía, a

inmunoloxía, a neurociencia, enfermidades infecciosas e vacinas e cardiovascular e metabolismo.

Posteriormente, desenvolverase unha segunda fase na que se realizará unha incubación dos proxectos baixo a dirección da Fundación Kertor. Nesta fase realizaranse estudos dos proxectos encamiñados a adquirir novos coñecementos e aptitudes que poidan ser útiles para avaliar a súa adecuación aos obxectivos do programa. Cos resultados do mesmo levarase a cabo unha análise de viabilidade para o paso a fases máis avanzadas.

A nova iniciativa suporá a creación de arredor de 10 empregos directos en Galicia e outros tanto indirectos, de perfís de alta cualificación e experiencia en relación coa economía do coñecemento en descubrimento de fármacos.

O programa contribuirá ao impulso do ecosistema biotecnolóxico de Galicia, cun alto impacto sobre as pemes galegas do sector, que poderán prestar servizos para o desenvolvemento de proxectos de descubrimento de fármacos derivados do programa. Neste sentido, enmárcase na Estratexia de impulso á biotecnoloxía de Galicia, que prevé mobilizar 200 millóns de euros ata 2020, dos que 125 millóns de euros proceden de fondos públicos.

A nova incubadora conta coa experiencia da plataforma Innopharma do Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS) da USC, que ten logrado importantes resultados, como 42 acordos con compañías e empresas, 6 acordos con industrias farmacéuticas para desenvolver novos modelos de colaboración público-privada e novos estándares en descubrimento de fármacos e para a formación de novos profesionais, así como 25 acordos de colaboración con grupos de excelencia dos mellores centros nacionais.

Janssen, que achega preto do 50% do orzamento da incubadora, é unha compañía farmacéutica innovadora baseada na investigación que actúa como catalizador para que proxectos de investigación biomédica temperá con capacidade de transformación poidan converterse en novas aplicacións terapéuticas en áreas de alta necesidade médica. Neste sentido, o programa supón unha aproximación pioneira que permitirá o fortalecemento dun ecosistema de innovación en biomedicina co obxectivo final de atopar novos fármacos que melloren a vida dos doentes.

Con esta iniciativa, Janssen súmase a outras importantes compañías do sector, como Laboratorios Esteve, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, ou Roche Farma, xunto coa Fundación Ramón Domínguez, que xa están a innovar en Galicia a través do programa de Unidades Mixtas de Investigación.

EDUCACIÓN E CRUZ ROJA ESPAÑOLA COLABORARÁN NO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR ADAPTADO

▪ *A Consellería facilitará os desprazamentos de 52 alumnos con discapacidade*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria facilitará no vindeiro curso 2017/2018 o servizo de transporte adaptado a 52 alumnas e alumnos con discapacidades, ao abeiro da sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración suscrito con Cruz Roja Española. Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á citada sinatura desta segunda addenda, que suporá un investimento de 179.135,82 euros.

Con cargo a esta partida, a consellería financia o importe dos desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar.

O servizo obxecto do convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que estes necesitan, e nel prestaranse os pertinentes servizos de acompañamento e atención ao alumnado trasladado.

Ademais, nos vehículos poderán viaxar os 12 coidadores que acompañan aquelas persoas que precisen atención individualizada, continua e permanente. A Consellería de Educación farase cargo do 80 % do gasto derivado da prestación destes servizos.

Atención á diversidade

O obxectivo deste acordo é dar resposta ás necesidades de escolares con distintos tipos de discapacidades, que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades física e psíquicas particulares.

Coa sinatura deste convenio a consellería reafirma o seu compromiso coa atención á diversidade do alumnado galego, para fomentar o seu acceso á escolarización en igualdade de condicións.

MEDIO AMBIENTE AVANZA NO PLAN DE SANEAMENTO DA RÍA DE AROUSA COA TRAMITACIÓN DE NOVAS ACTUACIÓNS EN RIANXO CUN INVESTIMENTO DE 14 MILLÓNS DE EUROS

- *A conselleira de Medio Ambiente levou hoxe a Consello un informe sobre as actuacións realizadas e as que se desenvolverán a medio prazo para o saneamento da ría de Arousa*
- *O departamento de Augas de Galicia traballa para poder licitar este mesmo ano as obras de ampliación da depuradora de Rianxo que presenta un excesivo volume de augas residuais*
- *O investimento realizado desde o ano 2009 para mellorar o estado ecolóxico das augas da ría de Arousa elevouse a 53 millóns de euros, dos cales o Goberno galego achegou máis de 45 millóns de euros*

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio vén de dar un paso máis na tramitación necesaria para poder avanzar no desenvolvemento do Plan de saneamento local da Ría de Arousa. Así, prevé poder licitar este mesmo ano as obras de ampliación da estación depuradora de augas residuais de Rianxo e do novo colector e tanque de tormentas por case 14 millóns de euros. Trátase de dúas novas actuacións que virán a completar o sistema de saneamento e depuración deste concello situado na marxe dereita da ría de Arousa.

Así se recolle no informe sobre a ría de Arousa que hoxe coñeceu o Consello da Xunta e que vén dar conta do traballo feito e dos obxectivos que se perseguen para os vindeiros exercicios, entre os que destaca a execución destas dúas actuacións, e que están recollidos no Plan de saneamento local da ría de Arousa.

Na Edar actual a problemática existente radica principalmente en dous factores: no excesivo volume de augas residuais xeradas na rede e a súa carga contaminante, especialmente por verteduras das industrias conserveiras.

Dada a situación da depuradora actual, que non conta con dimensión suficiente para tratar as augas residuais da súa rede de saneamento, estableceuse a necesidade de ampliar a capacidade do sistema de depuración de Rianxo como unha das prioridades na resolución dos problemas de contaminación das augas costeiras da zona.

Este mesmo ano licitarase a redacción do proxecto e execución da ampliación da Edar de Rianxo por un importe de 7,5 millóns de euros, nos terreos contiguos á actual depuradora. Os traballos consistirán na construción, en dúas fases, de dúas liñas de tratamento independentes, cos seguintes procesos: peneirado, desareado-desengraxado, tratamento biolóxico, desinfección por ultravioleta e liña de lodos; e cada unha deseñada para a metade do caudal esperado. Antes da repartición de

caudal, realizarase un pretratamento común a todo o caudal esperado. A planta depuradora terá unha capacidade total para máis de 23.000 habitantes-equivalentes.

A parte dos problemas detectados no sistema de depuración actual do núcleo de Rianxo, o Plan de saneamento local tamén identificou problemas de importancia na rede xeral de Rianxo. Desá análise, conclúese que a capacidade do colector interceptor se ve na actualidade amplamente superada polo caudal que recibe.

Para solucionar estes problemas, construírse un novo colector interceptor de case 1400 metros de lonxitude aproximadamente, con diámetros desde 400 mm (en PVC, tramo augas arriba) ata 800 e 1200 mm (en tubo de formigón, na súa chegada ao tanque de tormentas); así como un tanque de tormentas cun volume de retención de 700 m³. A estrutura será soterrada e, contiguamente, construírse un pozo de bombeo que funcionará como impulsión cara á Edar. O importe de licitación é de 6,3 millóns de euros.

Contido do informe

A Consellería de Medio Ambiente presentou esta mañá no Consello da Xunta un informe no que se fai un balance de como a Administración Hidráulica de Galicia encara o reto de manter nun estado adecuado para o desenvolvemento sustentable das actividades humanas e o respecto ao especial ecosistema da ría de Arousa.

A de Arousa é a mais extensa das rías de Galicia, conta, ademais, con numerosas illas e illotes entre as que destacan a illa de Arousa, A Toxa ou Sálvora e Cortegada, que forman parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Para o coidado e saneamento da ría, a Xunta desenvolve dúas liñas de acción: unha destinada a evitar as verteduras incontrolados nas rías e esixir responsabilidades aos titulares destas, coa que foi capaz de emendar por presión administrativa, desde o 2009, 103 puntos de verteduras contaminantes nas rías, un 30 % do total, e que implicou a imposición de sancións por case un millón de euros.

A segunda céntrase en colaborar coas administracións locais cara a solucionar as carencias nos sistemas de saneamento dos núcleos urbanos asentados arredor das rías. No caso da ría de Arousa, xunto coa do Burgo, púxose en marcha unha planificación, das máis ambiciosas realizadas nunca en Galicia cunha metodoloxía moi avanzada.

No caso do Plan de saneamento local da ría de Arousa dividiuse en 5 proxectos locais, agrupando os concellos do seguinte xeito: Ribeira e A Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo, Vilagarcía de Arousa e Catoira, Vilanova, Cambados e A Illa de Arousa, e Meaño, O Grove e Sanxenxo. Desde o 2009, o investimento en concellos situados en

torno a ría de Arousa en actuacións rematadas -ou a piques de rematar- ascende a máis de 53 millóns de euros, dos cales a Xunta achegou máis de 45 millóns.

A esta cifra, habería que engadir preto de 30 millóns de euros que se destinarán de aquí a 2021 para as infraestruturas pendentes, recollidas no plan hidrolóxico.

A XUNTA INVISTE 20 MILLÓNS NA POSTA EN MARCHA DE 83 OBRADOIROS COS QUE SE INCREMENTARÁN AS OPORTUNIDADES LABORAIS DE 1600 GALEGOS

- *Os beneficiarios destes programas, que o Goberno galego leva a cabo en coordinación cos concellos, recibirán formación e un contrato de traballo*
- *Levaranse a cabo 59 obradoiros xerais e 24 específicos para menores de 30 anos a través do Sistema de Garantía Xuvenil para seguir impulsando o emprego entre a mocidade*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria incrementa o orzamento nun 10% con respecto ao ano pasado e amplía a duración dos obradoiros xerais ata os 9 meses*
- *Dáse prioridade ás localidades menos poboadas de Galicia a través do Plan de formación e emprendemento no rural e prímase os proxectos vinculados coa Industria 4.0, os sectores estratéxicos e aqueles máis innovadores*
- *Valórase a relación do programa co tecido empresarial do territorio e as súas posibilidades de inserción laboral*

A Xunta acaba de resolver a convocatoria deste ano dos obradoiros do emprego nos que investirá 20 millóns de euros, un 10% máis que o exercicio anterior, para aumentar as oportunidades laborais de 1600 galegos desempregados. En total poranse en marcha 83 programas (24 na Coruña, 23 en Pontevedra, 19 en Ourense e 17 en Lugo) a través dos que os beneficiarios recibirán formación e un contrato de traballo.

Trátase dunha iniciativa, enmarcada na Axenda 20 para o Emprego, que o Goberno galego leva a cabo en colaboración cos concellos e que, polo tanto, fomenta a cooperación institucional. Desenvolveranse 59 obradoiros xerais e 24 específicos (un 29% do global) para menores de 30 anos a través do Sistema de Garantía Xuvenil para seguir impulsando o emprego entre a mocidade, un colectivo prioritario para a Administración autonómica. De feito, a Consellería de Economía, Emprego e Industria está poñendo en marcha diversas actuacións para os mozos e mozas galegos, como é o programa que se activará nas próximas semanas e que está dotado con 90 millóns para favorecer a contratación de 10.000 menores de 30 anos.

Os obradoiros de emprego, a través dos que os participantes reciben un certificado de profesionalidade con validez en todo o Estado, presentan nesta convocatoria varias novidades, entre as que destacan a ampliación da duración dos programas xerais de 6 a 9 meses. Dáse, ademais, prioridade ás localidades menos poboadas de Galicia para responder así a unha das medidas principais do Plan de formación e emprendemento no rural da Xunta.

Prímanse tamén os proxectos vinculados coa Industria 4.0 e cos sectores estratéxicos e de alto potencial da Axenda Galicia-Industria 4.0, así como aqueles que presentan unha relación co tecido empresarial do territorio. Ademais valóranse as posibilidades de inserción de cada obradoiro e a súa orixinalidade, dándose maior puntuación a aqueles con contidos innovadores, aínda que tamén se tiveron en conta os programas máis tradicionais -aqueles relacionados coa rehabilitación, mellora de espazos públicos ou atención á persoas dependentes-. Priorizáronse nesta resolución os proxectos de concellos resultantes de fusións e aqueles que se asociaron para presentar o programa. Os obradoiros céntranse na realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten un traballo que, xunto coa formación profesional para o emprego, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral. Esta formación impulsa tamén o emprendemento, xa que os beneficiarios recibirán formación específica que lles permitirá iniciar os seus propios proxectos.

Unha vez resolta a convocatoria, procederáse á selección dos alumnos e alumnas a través das oficinas de emprego. Terán preferencia, en xeral, as persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia (Risga); mulleres; vítimas da violencia de xénero; menores de 30 anos; traballadores que esgotasen as prestacións ou subsidios por desemprego; parados de longa duración; maiores de 45 anos; persoas sen titulación universitaria ou de FP de grao superior; e persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social. Estímase que os obradoiros comecen no mes de setembro.

No caso dos obradoiros xuvenís, os participantes deberán tamén estar inscritos no Sistema de Garantía Xuvenil e as actividades que realicen estarán relacionadas, de ser o caso, coa titulación ou formación previa que posúan. Primaranse aqueles participantes que non recibisen atención anteriormente no Programa de garantía xuvenil.

Os obradoiros forman parte da Axenda 20 para o Emprego, a planificación do Goberno galego en materia laboral para impulsar o emprego estable e de calidade e coa que se pretende en 2020 reducir a taxa de paro ata o 10% coa creación de polo menos 80.000 novos empregos e a creación ou conversión de 50.000 contratos en indefinidos.

O LIBRO DIXITAL SUMARÁ 60 NOVOS CENTROS NO CURSO 2017/18 E BENEFICIARÁ MÁIS DE 11.600 ALUMNOS

- *Educación dálle un novo impulso ao proxecto E-Dixgal, enmarcado na Estratexia galega de educación dixital 2020, que chegará a 154 centros o vindeiro curso*
- *O proxecto refórzase na ESO cunha formulación máis flexible e adaptable, posto que só serán necesarias incluír seis materias no modelo dixital*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre o proxecto E-Dixgal, coñecido como libro dixital, que o curso que vén 2017/18 aumentará de xeito exponencial ao sumar 60 novos centros. Deste xeito, esta iniciativa chegará a un total de 154 centros educativos sostidos con fondos públicos e beneficiará máis de 11.600 alumnos e alumnas desde 5º de Primaria a 2º de ESO, que recibirán unha ensinanza completamente dixital. Cómpre destacar que, actualmente, son 7000 os nenos e nenas que aprenden co libro dixital, polo que se produce un incremento de máis de 4600 alumnos beneficiados no próximo curso 2017/18.

Os datos, aínda que provisionais (poden consultarse no seguinte enlace <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/22848>), mostran o forte impulso que o departamento educativo da Xunta de Galicia, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), acaba de realizar no E-Dixgal. O proxecto naceu como experimental no curso 2014/15 coa intención de proporcionarlle aos centros da rede Abalar un proxecto integral para facilitar o desenvolvemento de proxectos de educación dixital mediante a incorporación de materiais específicos. Deste xeito, no vindeiro curso, o 14% dos centros de ensino obrigatorio públicos contan con proxectos de educación dixital, seis puntos porcentuais máis que no curso 2014/15, cando arrancou esta iniciativa con carácter experimental e que agora se consolida.

Unha vez finalizado o carácter experimental do proxecto, e consolidado no seu procedemento, optouse por darlle un novo impulso mediante a súa ampliación, así como flexibilizando algúns dos requisitos. Deste xeito, a nova convocatoria reforza o proxecto en ESO cunha formulación máis flexible e adaptable, posto que require un mínimo de seis materias no modelo dixital, mentres que ata agora se incluían todas as materias na iniciativa.

Equipos novos e mellora da conectividade

Unido aos 60 novos centros que se suman ao libro dixital, cómpre lembrar que a Amtega xa iniciou a adquisición de ata 22.000 equipos portátiles para os vindeiros dous anos, destinados a alumnos e profesores de centros integrados neste programa.

Así mesmo, a mellora das infraestruturas de telecomunicación é un aspecto clave neste contexto. Neste momento, máis de 460 centros públicos dispoñen de velocidades dun mínimo de 100 Mbps, e durante o 2017/18 estenderase esta velocidade aos 832 centros restantes. Esta medida permitirá que o 100% dos centros educativos públicos de primaria e secundaria teñan acceso a internet a través de redes ultrarrápidas.

Estratexia galega de educación dixital 2020

Cómpre lembrar que todas estas accións se enmarcan na futura Estratexia galega de educación dixital 2020, que busca darlle un novo impulso á educación dixital tanto desde o punto de vista dotacional, como de contidos, formación do profesorado e potenciación do coñecemento STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) por parte do alumnado.

O SERGAS AMPLIA A SETE NOVOS CENTROS DE SAÚDE O ACORDO PARA ASUMIR OS SEUS GASTOS DE MANTEMENTO

- *Súmanse aos 18 centros que foron autorizados polo Consello da Xunta de Galicia en abril deste mesmo ano ao abeiro do Pacto Local*
- *En total, dende 2009, o Sergas asume os custes de funcionamento dun total de 49 centros de saúde cedidos*

O Servizo Galego de Saúde vai asumir nas próximas datas os custos de mantemento dos centros de saúde de Carral (da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña); de Cariño (da EOXI de Ferrol); de Piñor de Cea, San Cibrao das Viñas e Xunqueira de Espadañedo (da EOXI de Ourense); e os de Boqueixón e Carnota (da EOXI de Santiago).

Estes centros de saúde súmanse aos 18 centros que foron autorizados polo Consello da Xunta de Galicia en abril deste mesmo ano, e dos cales 9 centros de saúde xa formalizaron escritura pública. Cómpre destacar que a asunción de obrigas de contido económico para o Servizo Galego de Saúde xorde no momento en que se eleve a escritura pública a cesión da titularidade dos centros ao Servizo Galego de Saúde.

A transferencia destes sete centros de saúde terá un custo anual de arredor de 400.000 euros para a Xunta de Galicia.

Logo da achega da documentación necesaria por parte de cada un, asinaranse cadanseus convenios cos distintos concellos. Unha vez asinados todos os acordos, seguirase o trámite para sometemento dos expedientes de cesión da titularidade dos centros de saúde ao Servizo Galego de Saúde. Posteriormente, e unha vez autorizada polo Consello da Xunta de Galicia, será elevada a escritura pública e inscrita no Rexistro da Propiedade.

En total, desde 2009, o Sergas xa asume de forma efectiva o custo de mantemento dun total de 49 centros de saúde cedidos ao abeiro do pacto local.

Pacto Local

Entre as actuacións recollidas no Pacto Local, acordo asinado entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), atópase a asunción pola Comunidade Autónoma dos custos de mantemento dos centros de saúde a cargo dos concellos.

Isto concretouse nun protocolo formalizado entre a Consellería de Sanidade e a Fegamp sobre asunción dos gastos de mantemento dos centros de saúde, no que se establece o procedemento a seguir para a cesión da propiedade -voluntaria para os

municipios- das devanditas instalacións ao Servizo Galego de Saúde.

A XUNTA REDUCIRÁ OS TEMPOS MEDIOS DE TRAMITACIÓN NO RECOÑECEMENTO DO GRAO DE DISCAPACIDADE

- *Isto será posible grazas ao traballo conxunto das consellerías de Política Social e de Sanidade, o Sergas e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia*
- *A través de diversos acordos, eliminarase a actual bolsa de expedientes pendentes de valoración e o persoal médico que participe nas valoracións poderán acceder aos datos da historia clínica a través da aplicación informática IANUS*
- *O obxectivo é dar unha resposta adaptada ás persoas con discapacidade, evitando desprazamentos innecesarios e simplificando a súa interacción coa Administración*

A Consellería de Política Social deu conta no Consello da Xunta das medidas adoptadas para a mellora na tramitación do procedemento para o recoñecemento do grao de discapacidade entre as que destacan acordos entre diversos departamentos autonómicos que repercuten no benestar dos galegos e galegas e grazas aos cales se poderán realizar arredor de 1500 valoracións por mes.

Con base nesta premisa, as consellerías de Política Social e de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, acordaron contar co persoal médico para realizar o recoñecemento das persoas solicitantes da valoración da discapacidade. Para este fin, a Consellería de Política Social achegará 360.000 euros entre os anos 2017 e 2018. Un acordo ao que ademais se suma a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, posibilitará que o persoal médico do Sergas que vaia participar nas valoracións como o persoal médico dos EVO poida acceder aos datos da historia clínica a través da aplicación informática IANUS, na que figuran os informes médicos que sustentan e xustifican a posible situación de discapacidade alegada pola persoa solicitante da valoración. Así mesmo, emitirá unha instrución dirixida ás seccións de cualificación e valoración de discapacidades co obxecto de articular o procedemento para a execución destes acordos.

Estas melloras propiciarán a eliminación da actual bolsa de expedientes pendentes de valoración e diminuirán os tempos medios de tramitación actuais aos tres meses previstos na normativa reguladora do procedemento. Ademais, optimizaranse os recursos humanos e os medios técnicos dispoñibles dentro do ámbito da Administración autonómica galega a través de medidas de eficacia e eficiencia que permitirán a implementación dun contorno de traballo colaborativo e, como prioridade, satisfacer as necesidades dos usuarios a través dunha mellor resposta que se adapte á situación concreta deste colectivo, que evite desprazamentos innecesarios e que simplifique a interacción dos solicitantes coa Administración. Deste xeito, non haberá necesidade nin de presentar os informes de saúde que figuran no ámbito do sistema público de saúde, nin de asistir ás oficinas das seccións de valoración (salvo excepcións).

Estas novas medidas súmanse ás implantadas nos últimos anos, como o plan e os sistemas de xestión ou o reforzo dos EVO en Santiago, Pontevedra e Vigo en 2015 e 2016. Tamén se levou a cabo unha redistribución das áreas xeográficas de atención das seccións da Xefatura Territorial da Coruña, nomeadamente de Santiago e Ferrol, reasignando os concellos de cada área na provincia co obxectivo de referencialos á sección máis próxima en atención á súa capacidade de xestión e co fin de evitar desprazamentos innecesarios ás persoas solicitantes da valoración da discapacidade.

Finalmente, e co fin de cumprir co compromiso de reducir os prazos de valoración e recoñecemento do grao de discapacidade, se avaliará a finais do ano 2017 o sistema que se vai implantar por se fose necesario adoptar novas medidas de reforzo.

A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL PECHA A TRAMITACIÓN A ESCALA NACIONAL DA IXP PAN GALEGO

- *O Goberno galego analizou na súa reunión de hoxe un informe deste departamento autonómico sobre a orde pola que se adopta a decisión favorable en relación coa tramitación do rexistro en España*
- *O seguinte paso é o envío do dito expediente ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para a súa tramitación aos servizos da Comisión Europea*
- *Trátase dun pan de codia dura e triscante, miga esponxosa e alveolado abundante e irregular, que se elabora de forma artesanal con fariña de trigo brando, da cal unha parte debe proceder de trigos cultivados en Galicia*

O Consello da Xunta analizou na súa reunión de hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre a orde pola que se adopta a decisión favorable en relación coa tramitación do rexistro da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Pan Galego. Deste xeito, culmínase a súa tramitación a escala nacional, o seguinte paso é remitir este expediente á Unión Europea -a través do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente- para así lograr o seu rexistro a nivel comunitario.

A IXP Pan Galego é unha vella aspiración dos panadeiros galegos, organizados a través da Federación Galega de Panaderías (Fegapan), que viron necesaria a creación deste selo para poñer en valor o produto.

Nas vindeiras semanas remitirase a documentación a Bruxelas para o seu estudo. Deste xeito ábrense dous novos prazos – ambos de seis meses– tanto para examinar o expediente por parte dos servizos da Comisión como para un novo período de oposicións (de medio ano de duración, pero que conclúe aos dous meses se nese tempo non se presentou ningunha alegación). Pasado este período, se non hai incidencias, a IXP sería incluída no rexistro europeo, logo da publicación dun regulamento da Comisión Europea no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE).

Porén, cando se teña unha primeira valoración por parte da Comisión (sobre uns seis meses), poderíase activar o que se denomina “protección nacional transitoria”. Trátase dun mecanismo que permite, a través dunha disposición administrativa, protexer provisionalmente este selo a nivel español e poder ter no mercado un pan certificado baixo esta indicación xeográfica.

Características

As características que deberá ter o pan para poder acollerse a esta Indicación están recollidas no correspondente prego de condicións. Trátase dun pan de codia dura e triscante, miga esponxosa e alveolado abundante e irregular, que se elabora de forma

artesanal con fariña de trigo branco, da cal unha parte –cando menos un 25% do total– debe proceder de trigos cultivados en Galicia, pertencentes a variedades e ecotipos autóctonos galegos. Ademais, a súa elaboración caracterízase pola utilización de masa nai e dunha elevada cantidade auga, así como polos longos tempos de fermentación e cocción, esta última sempre en fornos con soleira de pedra ou outros materiais refractorios.

O prego de condicións establece tamén os diferentes formatos tradicionais que se admiten, os rangos de pesos que poden ter as pezas e define as características da codia e da miga, así como o aroma e sabor do produto.

O pan presentarase ao consumidor en envases individuais que incluírán o logotipo da IXP que figura a continuación:

